**ACTA XUNTA DE GOBERNO**

**SESIÓN ORDINARIA DE QUINCE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CATRO**

**Presidente:**
D. José Tomé Roca

**Sres/as. Deputados/as:**
D. Efrén Castro Caloto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Daniel García Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Carlos López López

**Secretaria:**
Dª. Leticia Rodríguez Díaz

**Interventora:**
Dª. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **quince de marzo de dous mil vinte e catro**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria a Xefa do Servizo de asistencia xurídica, técnica e económica aos concellos dona Leticia Rodríguez Díaz, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste a señora deputada dona Mª. del Pilar García Porto.


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 1/83 |

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA OITO DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día oito de marzo de dous mil vinte e catro que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

**2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE LICITACIÓN DE OBRAS.**

***1º.-*** *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: Paradela.- Rehabilitación de firme LU-P-4202 "Pacios (LU-633)-Aldosende-Currelos (LU-611)", p.k. 3+520 a 5+000*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: Paradela.- Rehabilitación de firme LU-P-4202 "Pacios (LU-633)-Aldosende-Currelos (LU-611)", p.k. 3+520 a 5+000, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada , con CSV: IV7WGHZKZY5736MP2LUFO4JT74
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7WGH2TF4ZNXCBLYDYUCJZA4A
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7WGHZKLYVDZW5JZQPWGD3UIM
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7WGHZKCHX47D74SFWNCQSVGU
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7WGKQ434BYLHJ4UT6XIVZDMM
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: 1lAOIhiF0+6XOLPxuB6aYA==
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: iOZEccYrDk6adqMeli4ofw==
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: Paradela.- Rehabilitación de firme LU-P-4202 "Pacios (LU-633)-Aldosende-Currelos (LU-611)", p.k. 3+520 a 5+000, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

**2º.-** Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

**3º.-** Aprobar o gasto, por importe de 90.942,09 €, dos cales 15.783,34 € corresponden ao IVE (21%)".

A Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

***2º.-** Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación,proxecto e contratación da obra denominada O Saviñao.- Rehabilitación superficial do firme mediante regos con gravilla da LU-P-3202 "Monforte-Currelos (LU-611)" p.k. 11+067 a 24+436*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: O Saviñao.- Rehabilitación superficial do firme mediante regos con gravilla da LU-P-3202 "Monforte-Currelos (LU-611)" p.k. 11+067 a 24+436, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada , con CSV: IV7WGHIIJZOCV7NSXRQUEPZBCM
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7WGHILZ7VKZRB5CDUGAEZCP4

3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7WFXBLH3VLZGX3Q36MCRIFGQ
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7WFXC53ARJLPJCTXUVEEBSOM
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7WGO2PZEPCRXWOQX4HMHXUC4
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: H1lLrOhyduslS3JL3A/GIQ==
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: vRLiuiAlRrFFpuPWvL4hew==
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: O Saviñao.- Rehabilitación superficial do firme mediante regos con gravilla da LU-P-3202 "Monforte-Currelos (LU-611)" p.k. 11+067 a 24+436, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

**2º.-** Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

**3º.-** Aprobar o gasto, por importe de 253.278,30 €, dos cales 43.957,39 € corresponden ao IVE (21%)".

A Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA CESIÓN DE CONTRATO DE OBRA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, o que prestou conformidade a Secretaría Xeral, que, entre outros extremos, conten o seguinte:

*" Antecedentes*

I. *Acordo da Xunta de Goberno de data 29/09/2023, relativo á adxudicación da indicada obra á mercantil Construcciones Alea SL, con CIF B-32001687, representada por D. Javier Doval Atrio, no prezo de 2.196.395,82€ IVE (10%) incluído; unhas melloras de obra consistentes na instalación de sistema de vídeo vixilancia, coas características establecidas no PCAP; un aumento do prazo de garantía de 4 anos por enriba do obrigatorio e un prazo de execución de 12 meses.*

II. *Contrato administrativo formalizado con data 17/10/2023 coa mercantil Construcciones Alea SL.*

III. *Acta de comprobación de replanteo de data 17/11/2023, desfavorable coas manifestacións nela contidas.*

IV. *Escrito con RE 2024RT002539 de data 21/02/2024, da mercantil Construcciones Alea SL manifestando o interese na cesión do contrato da obra, indicando como cesionaria a empresa Construcciones Castro Figueiro SLU a cal asina de conformidade.*

V. *A mercantil indicada como cesionaria presenta documentación relativa á clasificación e as condicións de aptitude para contratar coa administración e para asumir o contrato de referencia.*

*Lexislación aplicable*

- *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (9/2017 LCSP) (Disposición Transitoria Primeira).*
- *Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).*

- *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).*
- *Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Restantes disposicións de Xeral e Concordante aplicación.*

*Consideracións xurídicas e administrativas*

*Primeira.- En data 02/03/2018 a Deputación de Lugo e o concello de Pobra do Brollón, aprobouse convenio de colaboración para a execución dos fins comúns consistentes na Construción de Centro Residencial no concello da Pobra do Brollón. Este convenio foi modificado segundo addendas aprobadas en datas 01/02/2019; 09/10/2020; 28/12/2021; e 28/03/2023.*

*Segunda.- A Xunta de Goberno Local da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria de data 21/04/2023 aprobou o proxecto técnico da obra denominada Pobra do Brollón.- Construció de Centro Atención a Maiores, cun orzamento de licitación de 2.472.861,77 euros, IVE (10%) incluído, así como os Prego de condicións, procedemento de licitación, expediente de contratación e o gasto, previamente fiscalizado pola Intervención.*

*Terceira.- A adxudicación foi acordada por Xunta de Goberno con data 29/09/2023 formalizándose en documento administrativo con data 17/10/2023.*

*Cuarta.- Con data 21/02/2024, presentase escrito (RE nº 2024RT002539) no que D. Javier Doval Atrio, en representación da mercantil Construcciones Alea SL, adxudicataria da referida obra, e D. Jose Manuel Castro Senra en representación da empresa Construcciones Castro Figueiró SLU, manifestan o interese de cesión do contrato a favor da empresa Construcciones Castro Figueiró SLU.*

*Xunto co escrito indicado achegase por parte de Construcciones Castro Figueiró SLU a acreditación da clasificación (esixida no PCAP) e demais condicións de aptitude para contratar coa administración e para asumir o contrato de referencia.*

*Quinta.- En primeiro lugar, indicar que a cesión de contratos se rexe polo disposto no artigo 214 da LCSP, ao que se invoca na cláusula trixesimo segunda do PCAP, que indica:*

*"(...)*

*2. Para que los contratistas puedan ceder sus derechos y obligaciones a terceros, los pliegos deberán contemplar, como mínimo, la exigencia de los siguientes requisitos:*

*a) Que el órgano de contratación autorice, de forma previa y expresa, la cesión. Dicha autorización se otorgará siempre que se den los requisitos previstos en las letras siguientes. El plazo para la notificación de la resolución sobre la solicitud de autorización será de dos meses, trascurrido el cual deberá entenderse otorgada por silencio administrativo.*

*b) Que el cedente tenga ejecutado al menos un 20 por 100 del importe del contrato o, cuando se trate de un contrato de concesión de obras o concesión de servicios, que haya efectuado su explotación durante al menos una quinta parte del plazo de duración del contrato. No será de aplicación este requisito si la cesión se produce encontrándose el contratista en concurso aunque se haya abierto la fase de liquidación o ha puesto en conocimiento del juzgado competente para la declaración del concurso que ha iniciado negociaciones para alcanzar un acuerdo de refinanciación, o para obtener adhesiones a una propuesta anticipada de convenio, en los términos previstos en la legislación concursal. (...)*

*c) Que el cesionario tenga capacidad para contratar con la Administración y la solvencia que resulte exigible en función de la fase de ejecución del contrato, debiendo estar debidamente clasificado si tal requisito ha sido exigido al cedente, y no estar incurso en una causa de prohibición de contratar.*

*d) Que la cesión se formalice, entre el adjudicatario y el cesionario, en escritura pública."*

*Consta no expediente, Decreto do Xulgado de primeira instancia nº 4 de Ourense relativa á presentación de comunicación previa concurso e homologación xudicial 0001110/2023 por parte de Construcciones Alea SL.*

*Sexta.- No caso que nos ocupa, as características técnicas do adxudicatario non foron determinantes para a adxudicación, posto que se adxudicou a obra de referencia en base aos criterios de adxudicación contidos no prego de cláusulas administrativas, é dicir, memoria de posta en marcha, execución e entrega da obra, precio, melloras de*

*obra, mellora prazo de garantía, circunstancias éstas que non se ven afectadas de ser efectivamente realizada a cesión que solicita a adxudicataria.*

*S-etima.- O adxudicatario ten capacidade para contratar coa Administración e a clasificación esixible, segundo consta acreditado no expediente. Para ser adxudicatario desta obra, segundo se establece no PCAP, deberá estar en posesión da clasificación C-2-4 e C-4-4. Da documentación achegada pola mercantil cesionaria Construcciones Castro Figueiró SLU despréndese o cumprimento das obrigas e condicións establecidas no PCAP para este contrato.*

*Oitava.- A cesión do contrato vense configurando como un caso de novación modificativa subxectiva do contrato ( Artigo 1205 do Código civil), que ocorre pola subrogación dun terceiro na posición xurídica do contratista; previa verificación do cumprimento dos requisitos establecidos na Lei e no prego.*

*Esta cesión é un instrumento técnico que permite a circulación do contrato administrativo no tráfico xurídico.*

*A cesión do contrato subroga ao cesionario nos dereitos e obrigas do contratista cedente. A cesión non extingue o contrato, senón que solo modifica un dos suxeitos da relación.*

*O acordo de cesión é un negocio xurídico bilateral no que son parte o contratista e o terceiro (cesionario), sendo allea a administración, se ben debe autorizala.*

*A cesión deberá formalizarse en escritura pública, entre o adxudicatario e o cesionario, toda vez que o pacto de cesión non é un contrato administrativo senón un negocio xurídico-privado, e así o establece tamén a LCSP no artigo 214.*

*Se non se outorga escritura pública non se entenderá producida a cesión do contrato, de modo que a administración contratante non terá ao cesionario como parte do contrato. O outorgamento desta escritura debe ir precedida da autorización da administración contratante.*

*Cedente e cesionario deben entregar copia auténtica de escritura pública.*

*Dende esa data- de formalización de escritura pública- debe procederse a constitución da garantía polo cesionario, polo mesmo importe que a actualmente constituída. Unha*


| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 8/83 |

*vez constituída a garantía polo cesionario no importe actualmente vixente, autorizarase a cancelación/ devolución da constituída pola empresa cedente.*

*O importe da garantía constituída ascende a 99.836,17 €*

*Novena.- En canto ao órgano competente dado que se trata dunha modificación con normativa especial (novación modificativa subxectiva), con cambio da persoa contratista, debe aplicarse o Artigo 59 Apartado 8º e 12º do Regulamento Orgánico, que alude expresamente a competencia da Xunta de Goberno nos supostos de modificación de contratos (neste suposto naturalmente o importe é superior ao dos contratos menores). Ao afectar a unha das partes contratantes entendemos que a competencia modificativa é da Xunta de Goberno.*

*Conclusión*

*Así pois a cesión do contrato enténdese axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente a súa autorización baixo as consideracións e presupostos relacionados.*

*E canto procede informar, sen prexuízo e con sometemento a mellor criterio fundado en dereito"*

Visto o informe favorable emitido pola Intervención, con CSV: IV7WG37ZCAMC7S4JUIX4OYXGIY

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Autorizar a cesión do contrato de execución da obra Pobra do Brollón.- Construción Centro Atención a Maiores (2023/CON_02/000031), a favor de la empresa Construcciones Castro Figueiró SLU. O importe co contrato é de 2.196.395,82€ IVE (10%) incluído; unhas melloras de obra consistentes na instalación de sistema de vídeo vixilancia, coas características establecidas no PCAP; un aumento do prazo de garantía de 4 anos por enriba do obrigatorio e un prazo de execución de 12 meses.

**2º.-** Requirir ao cesionario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación do presente acordo presente a seguinte documentación:

a) Escritura pública de formalización da cesión entre o cedente e o cesionario.
b) Resgardo acreditativo da garantía definitiva por importe de 99.836,17 €

**3º.-** A eficacia da cesión queda condicionada ao cumprimento dos requisitos recollidos no punto 2 por parte do cedente e cesionario.

**4º.-** Determinar a cancelación e devolución da fianza definitiva formalizada por Construcciones Alea SL, unha vez formalizada a cesión en escritura pública e presentada garantía definitiva pola mercantil cesionaria Construcciones Castro Figueiró SLU".

A Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE DECLARACIÓN DE DESERTO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN, EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO, CON LIMPEZA DIARIA E MANTEMENTO DE 5 CABINAS SANITARIAS AUTÓNOMAS (ASEOS PARTÁTILES), NO ENTORNO DOS PASEOS DE OMBREIRO, RATO E PARADAI.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vistos os antecedentes que se relacionan a continuación:

1.- Memoria xustificativa do contrato con CSV: IV7WYXYPPB423CHP6YIFKQQW6A[1]
2.- Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7WYUBD2EH2R6RS5QXTEAHSG4
3.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7WYLDSOAJCX6U2DRGMGEBSAA
4.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7W2WSZZMUCZT7DQEUQ4P3WAI
5.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7W2WS7ZYZPVCN64JXDKZPWMQ

1Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm

6.- Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: V7W22LM2D753HPDC5OCJ73DEQ
7.- Publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 14/02/2024, onde se indica que o prazo para a presentación de ofertas finaliza o día 29/02/2024 ás 23:59 horas.
8.- Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 7 de marzo de 2024, na que se recolle o seguinte:

*"...*
*Dáse conta aos asistentes de que segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, non se presentou ningunha oferta para esta licitación.*

*Visto o que antecede a mesa de contratación ACORDA, elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:*

*- Declarar deserta a contratación da subministración, en réxime de arrendamento, con limpeza diaria e mantemento, de 5 cabinas sanitarias autónomas (aseos portátiles), no entorno dos paseos de Ombreiro, Rato e Paradai, expediente 2024/CON_02/000007, por non presentarse ningunha oferta.*
*... "*

E tendo en conta que o contido e a tramitación foi conforme coa normativa de aplicación, e en virtude da competencia que corresponde ao órgano de contratación, e a vista do exposto, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Declarar deserto o procedemento 2024/CON_02/000007, contratación da subministración, en réxime de arrendamento, con limpeza diaria e mantemento, de 5 cabinas sanitarias autónomas (aseos portátiles), no entorno dos paseos de Ombreiro, Rato e Paradai, expediente 2024/CON_02/000007, á vista da proposta da mesa de contratación de 7 de marzo de 2024, na que se acordou elevar ao órgano de contratación a declaración de deserto do procedemento, por non se ter presentado ningunha oferta.

**2º.-** Publicar este acordo na Plataforma de Contratos do Sector Público e dar traslado do mesmo ao Servizo de Medio Ambiente aos efectos do seu coñecemento".

A Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTOS DO PLAN ÚNICO 2023.**

***1º.-*** *Escrito do concello de Cospeito, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 67 a 75 e modificado do proxecto do investimento 72 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023 (PUC/23).*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

*"En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Cospeito, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (67 a 75) e modificación do proxecto do investimento 72, incluído no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023, infórmase o seguinte:*

1. *Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/12/2022 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 09/01/2023.*

2. *Nas devanditas bases, concretamente na base 15, establécese "...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:*

    - *Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).*
    - *Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2024, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.*

- *Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.*
- *Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.*
- *Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán xustificados nos mesmo prazo que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, xustificados no prazo de dous meses desde a finalización da obra/investimento, e en todo caso na data límite do 15 de novembro de 2024."*

3. *O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 28/03/2023, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.*

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| COSPEITO | 72 | ALUMEADO PÚBLICO EN AS SEIXAS, (SANTA CRISTINA) INCLUÍDO HONORARIOS | -- | 14.183,66 € | 14.183,66 € |

4. *O Concello de Cospeito presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:*

| CONCELLO | Nº | IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN | APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN | REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| COSPEITO | 67 | REXENERACIÓN DE VIAS MUNICIPAIS NA PARROQUIA DE XUSTÁS, INCLUÍDO HONORARIOS | 1531.76201 | 4.674,86 € |
| | 68 | ACONDICIONAMENTO DE ACERAS EN AVDA. VILA DA IGREXA (MUIMENTA), INCLUÍDO HONORARIOS | 1532.76201 | 464,61 € |
| | 69 | PAVIMENTACIÓN DO ENTORNO DO RECINTO FERIAL DA MOEXMU, INCLUÍDO HONORARIOS | 1532.76201 | 1.318,90 € |
| | 70 | PAVIMENTACIÓN E MANTEMENTO DE ESTRADAS MUNICIPAIS EN GOÁ, INCLUÍDO HONORARIOS | 1531.76201 | 4.268,64 € |
| | 71 | ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE ESTRADAS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE ROÁS E ARNEIRO, INCLUÍDO HONORARIOS | 1531.76201 | 2.751,39 € |
| | 72 | ALUMEADO PÚBLICO EN AS SEIXAS, (SANTA CRISTINA) INCLUÍDO HONORARIOS | 1650.76201 | 4.107,66 € |


| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 13/83 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 73 | *ALUMEADO PÚBLICO EN A TORRE XUNTO IGREXA, BODENLLE, INCLUÍDO HONORARIOS* | *1650.76201* | *6.445,30 €* |
| | 74 | *ALUMEADO PÚBLICO EN MATO E BROZ (PINO), INCLUÍDO HONORARIOS* | *1650.76201* | *11.014,70 €* |
| | 75 | *ALUMEADO PÚBLICO EN VILOURIZ (SEIXAS), INCLUÍDO HONORARIOS* | *1650.76201* | *4.986,20 €* |

5. *Por escrito con RE nº 2024RT001683 de data 07/02/2024 e posteriores aclaracións, o concello solicita:*

   – *A modificación do proxecto do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2023, concretamente o investimento nº 72, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica ".... ao detectarse a súa necesidade e estar oculto na fase de proxecto..." polo que deseguido se indica, financiando o incremento producido con parte da baixa acadada no amentado investimento, (1.801,04€), quedando, logo do modificado, e financiamento deste, 2.306,62 € de remanente:*

| *CONCELLO* | *Nº* | *INVESTIMENTO* | *ACHEGA CONCELLO* | *ACHEGA DEPUTACIÓN* | *TOTAL* |
|---|---|---|---|---|---|
| *COSPEITO* | *72* | *ALUMEADO PÚBLICO EN AS SEIXAS, (SANTA CRISTINA) INCLUÍDO HONORARIOS* | -- | *11.877,04 €* | *11.877,04 €* |

   – *A aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; entre elas o financiamento do incremento na actuación 72, como consecuencia do modificado do proxecto, constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:*

| *CONCELLO* | *Nº* | *IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN* | *APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN* | *ACHEGA CONCELLO* | *ACHEGA DEPUTACIÓN* | *TOTAL INVESTIMENTO* |
|---|---|---|---|---|---|---|
| *COSPEITO* | *REM* | *MODIFICADO ALUMEADO PÚBLICO EN AS SEIXAS, (SANTA CRISTINA) INCLUÍDO HONORARIOS* | *1650.76201* | -- | *1.801,04 €* | *1.801,04€* |
| *COSPEITO* | *REM* | *ALUMEADO PÚBLICO EN RUBIÑOS, PEDRALBA E AMPLIACIÓN DE BEXÁN, INCLUÍDO HONORARIOS* | *1650.76201* | -- | *24.353,96€* | *24.353,96€* |
| *COSPEITO* | *REM* | *ACONDICIONAMENTO DE BEIRARÚAS EN AVDA TERRA CHA (MUIMENTA), INCLUÍDO HONORARIOS* | *1532.76201* | -- | *1.783,51€* | *1.783,51€* |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| *COSPEITO* | *REM* | *REXENERACIÓN DA PISTA DA REGUEIRA (COSPEITO), INCLUÍDO HONORARIOS* | *1531.76201* | *605,00€* | *11.694,89€* | *12.299,89€* |

*1.- A base 16, indica que "... se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto de obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente (...) que deberá ser aprobado polo Concello e pola Xunta de Goberno da Deputación. Se o investimento xa esta adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal, e no caso de que exista incremento do seu orzamento, deberá contar tamén cun informe favorable da Intervención do Concello".*

*Así mesmo tamén sinala "... calquera incremento que se derive de modificación de contrato, ... deberá ser financiado integramente polo Concello, salvo aquelas modificacións, (...) que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno da Deputación".*

6. *Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 16 das do Plan único 2023, "...Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de certificacións finais e liquidacións ou de calquera outro concepto deberá ser financiado integramente polo concello, salvo aquelas modificacións, certificacións finais ou liquidacións, legalmente tramitadas, que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno desta Deputación" e na base 15 das do Plan único 2023, "...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.*

*Conclusión*

*Polo que va dito, infórmase favorablemente a modificación do proxecto do investimento sinalado así como a financiación de dito incremento e a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo concello de Cospeito, no Plan único 2023.*

*E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado".*

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Cospeito, e en consecuencia:

a. Aprobar a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2023 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| COSPEITO | 72 | ALUMEADO PÚBLICO EN AS SEIXAS, (SANTA CRISTINA) INCLUÍDO HONORARIOS | -- | 11.877,04 € | 11.877,04 € |

b. Incluír no PUC/23, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, os investimentos que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

| CONCELLO | Nº | IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN | APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL INVESTIMENTO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| COSPEITO | REM | MODIFICADO ALUMEADO PÚBLICO EN AS SEIXAS, (SANTA CRISTINA) INCLUÍDO HONORARIOS | 1650.76201 | -- | 1.801,04 € | 1.801,04€ |
| COSPEITO | REM | ALUMEADO PÚBLICO EN RUBIÑOS, PEDRALBA E AMPLIACIÓN DE BEXÁN, INCLUÍDO HONORARIOS | 1650.76201 | -- | 24.353,96€ | 24.353,96€ |
| COSPEITO | REM | ACONDICIONAMENTO DE BEIRARÚAS EN AVDA TERRA CHA (MUIMENTA), INCLUÍDO HONORARIOS | 1532.76201 | -- | 1.783,51€ | 1.783,51€ |


| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 16/83 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| COSPEITO | REM | REXENERACIÓN DA PISTA DA REGUEIRA (COSPEITO), INCLUÍDO HONORARIOS | 1531.76201 | 605,00€ | 11.694,89€ | 12.299,89€ |

**2º.-** Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados."

A Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

***2º.-*** *Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Sarria, solicitando modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023.*

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

"En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Sarria no que solicita a modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023, infórmase o seguinte:

1. *Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/12/2022 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 09/01/2023.*

2. *Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.*

3. *O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 28/03/2023, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:*

| *CONCELLO* | *Nº* | *INVESTIMENTO* | *ACHEGA CONCELLO* | *ACHEGA DEPUTACIÓN* | *TOTAL* |
|---|---|---|---|---|---|
| *SARRIA* | *288* | *RENOVACIÓN DE FIRME DA RÚA FORNOS* | -- | *48.382,89€* | *48382,28€* |

4. *O concello indicado non achegou os correspondentes anexos III ou IV.*

5. *A Alcaldía do Concello de Sarria a través de escrito con RE nº 2024RT003376 de data 06/03/2024 solicita:*

   a) *A modificación/substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2023, concretamente o investimento nº 288, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica ".... por falta de colaboración veciñal para a realización de obras complementarias necesarias ...." polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:*

| *CONCELLO* | *Nº* | *INVESTIMENTO* | *ACHEGA CONCELLO* | *ACHEGA DEPUTACIÓN* | *TOTAL* |
|---|---|---|---|---|---|
| *SARRIA* | *288* | *RENOVACIÓN DE FIRME EN AGUIADA* | *6,18€* | *48.382,89€* | *48.389,07€* |

6. *A base 14, indica que "se por circunstancia sobrevida e/ou motivos xustificados , o concello non puidera contratar e executar o investimento incluído no PUC, motivadamente poderá solicitar a modificación do proxecto do investimento ou substitución do investimento inicialmente incluído outro, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de xustificación fixados nestas bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputacion, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria no caso que se substitúa o investimento.*

7. *A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.*

*O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.*

8. *Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2023, é a Xunta de Goberno.*

*Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao concello de Sarria, que se sinala, quedando incluído no Plan Único 2023.*

*E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado".*

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Sarria, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2023 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

| *CONCELLO* | *Nº* | *INVESTIMENTO* | *ACHEGA CONCELLO* | *ACHEGA DEPUTACIÓN* | *TOTAL* |
|---|---|---|---|---|---|
| SARRIA | 288 | RENOVACIÓN DE FIRME EN AGUIADA | 6,18€ | 48.382,89€ | 48.389,07€ |

**2º.-** Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

**3º.-** Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras".

A Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS RELATIVAS Á TRAMITACIÓN DE CONVENIOS CON ENTIDADES E CONCELLOS.**


| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 19/83 |

**1º.-** *Proposta relativa á modificación da Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Navia de Suarna para cooperar nas "obras no concello de Navia de Suarna", ano 2023*

Logo de ver a proposta da Presidencia, que textualmente di o seguinte:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

*En relación á modificación da Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Navia de Suarna para cooperar nas "obras no concello de Navia de Suarna", ano 2023 (EXP. 2024/PES_03/004369) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte Informe*

*Antecedentes de feito*

*Primeiro: A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 28 de abril de 2023, acordou, por unanimidade dos asistentes, prestar aprobación á proposta de aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Navia de Suarna para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar nas "Obras no Concello de Navia de Suarna" ano 2023 por importe total de 120.000,00 €(dos que os 115.000,00€ serán financiados pola Deputación de Lugo e 5.000,00 € serán financiados polo Concello de Navia de Suarna e o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 115.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do orzamento xeral do ano 2023.*

*Segundo: O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Navia de Suarna para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar nas "Obras no Concello de Navia de Suarna"ano 2023, formalizouse o 4 de maio de 2023.*

*Terceiro: O alcalde do concello de Navia de Suarna remitiu, o 7 de marzo de 2024 (2024RPE004781), escrito no que literalmente se establece o seguinte:*

*"Con data 28 de abril de 2023, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, aprobou o convenio interadministrativo de Cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo*


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 20/83 |

*e o Concello de Navia de Suarna para cooperar nas "Obras no Concello de Navia de Suarna" ano 2023. A día de hoxe este Concello está pendente da recepción de autorizacións sectoriais para a licitación dalgunha das obras, non podendo executalas no prazo inicialmente previsto, polo que solicito: A ampliación do prazo inicial para a execución das obras recollidas neste convenio e que sería o 30 de marzo de 2024, ata o 31 de outubro de 2024" .*

*Consideracións xurídico-administrativas:*

*Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:*

*- Na cláusula Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.*

*"(...)*

*3.2. O Concello de Navia de Suarna:*

*En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Navia de Suarna, comprométese ao seguinte:*

*1) Achegar, para a execución do convenio, o financiamento de 5.000,00 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.*
*2) Achegar os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente.*
*3) Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.*
*4) Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.*
*5) Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución.*
*6) O prazo inicialmente previsto de execución é o 30 de marzo de 2024. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.*



| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 21/83 |

*7) Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.*
*8) Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.*
*9) Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.*
*10) Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.*
*11) Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo".*

*- Na cláusula Cuarta.- Réxime económico.*

*"(...)*

*C. Xustificación da achega económica.*

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Navia de Suarna se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 31 de maio de 2024 . Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

*(...)"*

*- Na cláusula Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.*

*"A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.*

*A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de*


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 22/83 |

*decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público".*

*- Na cláusula Sexta.- Modificación*

*"A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.*
*A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo".*

*Segunda: En canto ao órgano competente para aprobar a addenda ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o mesmo.*

*Conclusións*

*Por todo o exposto, e tendo en conta que:*
*- o convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo*
*- media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común).*
*- os novos prazos non exceden da metade dos prazos previstos.*
*- que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros*
*- e que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial,*
*dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a modificación solicitada polo representante do Concello de Navia de Suarna nos termos da addenda do convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia.."*

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar a modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Navia de Suarna para cooperar no financiamento das "obras no concello de Navia de Suarna" ano 2023 no senso da addenda que quedaría redactada no seguinte senso:

Addenda ao Convenio interadministreativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Navia de Suarna para cooperar nas "Obras no Concello de Navia de Suarna" ANO 2023
[aprobada por acordo da Xunta de Goberno de data ....de .......... de 2024]
En Lugo (asinado dixitalmente na data que consta no pé de páxina)

Reunidos

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, 27001,actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, don José Fernández Fernández, Alcalde do Concello de Navia de Suarna, con N.I.F P-2703400 H e sede na Praza, nº1, 27650, Navia de Suarna, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente addenda e a tal efecto,

Manifestan

Primeiro: A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 28 de abril de 2023, acordou, por unanimidade dos asistentes, prestar aprobación á proposta de aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Navia de


| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 24/83 |

Suarna para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar nas "Obras no Concello de Navia de Suarna"ano 2023 por importe total de 120.000,00 €(dos que os 115.000,00€ serán financiados pola Deputación de Lugo e 5.000,00 € serán financiados polo Concello de Navia de Suarna) e o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 115.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do orzamento xeral do ano 2023.

Segundo: O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Navia de Suarna para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar nas "Obras no Concello de Navia de Suarna" ano 2023, formalizouse o 4 de maio de 2023.

Terceiro: O alcalde do concello de Navia de Suarna remitiu, o 7 de marzo de 2024 (2024RPE004781), escrito no que literalmente se establece o seguinte:

*"Con data 28 de abril de 2023, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, aprobou o convenio interadministrativo de Cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Navia de Suarna para cooperar nas "Obras no Concello de Navia de Suarna" ano 2023. A día de hoxe este Concello está pendente da recepción de autorizacións sectoriais para a licitación dalgunha das obras, non podendo executalas no prazo inicialmente previsto, polo que solicito: A ampliación do prazo inicial para a execución das obras recollidas neste convenio e que sería o 30 de marzo de 2024, ata o 31 de outubro de 2024" .*

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente addenda, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas

Primeira.- As partes acordan modificar a cláusula terceira -obrigas do concello- e a cláusula cuarta -Réxime económico-, apartado c -xustificación da achega económica- do convenio formalizado o 4 de maio de 2023 que quedarán redactadas no seguinte senso:

- Cláusula Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

*"(...)*

*3.2. O Concello de Navia de Suarna:*

*En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Navia de Suarna, comprométese ao seguinte:*

1. *Achegar, para a execución do convenio, o financiamento de 5.000,00 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.*
2. *Achegar os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente.*
3. *Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.*
4. *Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.*
5. *Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución.*
6. *A data límite de execución do obxecto do convenio é o 31 de outubro de 2024.*
7. *Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.*
8. *Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.*
9. *Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.*
10. *Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.*
11. *Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo."*

- Cláusula Cuarta.- Réxime económico.

*"(...)*

*C) Xustificación da achega económica*


| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 26/83 |

*O concello de Navia de Suarna debe aportar a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio na data límite do 15 de novembro de 2024.*

*A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:*

*.Memoria de actuacións das actividades realizadas.*
*.Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:*

1. *Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.*
2. *Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.*
3. *Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.*

*.Actas de recepción.*
*.Declaración responsable emitida polo representante do Concello indicando que a entidade asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)", por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo*
*.Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.*
*.Declaración do representante do Concello sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.*
*.Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.*
*.Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga*


| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 27/83 |

*constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.*
*.Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.*

*Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente."*

Segunda. As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta addenda de modificación, permanecerán invariables.
Ambas partes acordan incorporar ao convenio, subscrito con data 4 de maio de 2023, esta addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente addenda de modificación do que como Secretario dou fe".

A Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**2º.-** *Proposta relativa á modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Guitiriz para cooperar na "Reforma da nave municipal de servizos múltiples (antigo SENPA), no acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da rúa da Liberdade en Guitiriz e nos honorarios técnicos de redacción de proxecto, de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde", ao 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

*En relación ao asunto de referencia (EXP. 2024/PES_03/004355) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe*

*Antecedentes de feito*


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 28/83 |

*Primeiro: A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 12 de decembro de 2023, acordou, por unanimidade dos asistentes, prestar aprobación á proposta de aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na "Reforma da nave municipal de servizos múltiples (antigo SENPA), no acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da rúa da Liberdade en Guitiriz e nos honorarios técnicos de redacción de proxecto, de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde" ano 2023, por importe total de 135.576,32 € (dos que os 102.576,32€ serán financiados pola Deputación de Lugo e 33.000,00 € serán financiados polo Concello de Guitiriz) e o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 102.576,32€ para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do orzamento xeral do ano 2023.*

*Segundo: O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na "Reforma da nave municipal de servizos múltiples (antigo SENPA), no acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da rúa da Liberdade en Guitiriz e nos honorarios técnicos de redacción de proxecto, de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde" ano 2023 formalizouse o 12 de decembro de 2023.*

*Terceiro: A alcaldesa do concello de Guitiriz remitiu, o 6 de marzo de 2024 (2024RT003365), escrito no que literalmente se establece o seguinte:*

*"(...)*

*Tendo en conta a dificultade técnica de levar a cabo a actuación relativa a "Acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da Rúa da Liberdade en Guitiriz"*

*Por todo o exposto, solicito: Que se modifique dito convenio cambiando a actuación indicada na Rúa da Liberdade por outra que sería a seguinte:*

*"Urbanización da Rúa Perexil e conexións coas rúas de enlace".*

*Coa modificación do convenio e a supresión da actuación na Rúa da Liberdade e inclusión da nova actuación de Urbanización da Rúa do Perexil, o detalle das actuacións sería o seguinte:*

| *ACTUACIÓN* | *CUSTE IVE ENGADIDO* |
|---|---|
| *- REFORMA NAVE MUNICIPAL DE SERVIZOS MÚLTIPLES (ANTIGO SENPA)* | *30.939,13 €* |
| *-HONORARIOS TÉCNICOS (REDACCIÓN + DIRECCIÓN OBRA + COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE). REFORMA NAVE SENPA* | *1.263,98 €* |
| *- URBANIZACIÓN DA RÚA PEREXIL E CONEXIÓNS COAS RÚAS DE ENLACE* | *125.911,82€* |
| *- HONORARIOS TÉCNICOS (REDACCIÓN + DIRECCIÓN OBRA + COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE). RÚA PEREXIL* | *6.995,59€* |
| *CUSTE TOTAL* | *165.110,52 €* |

*O modificarse o custo total das actuacións as achegas económicas quedarían do seguinte xeito:*

| *ACHEGA DEPUTACIÓN* | *ACHEGA CONCELLO* |
|---|---|
| *102.576,32 €* | *62.534,20 €* |
| *TOTAL: 165.110,52 €"* | |

*Consideracións xurídico-administrativas:*

*Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:*

*- Na cláusula Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.*

*"A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.*

*A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público".*

*- Na cláusula Sexta.- Modificación*

*"A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.*
*A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo".*

*Segunda: En canto ao órgano competente para aprobar a addenda ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o mesmo.*

*Conclusións*

*Por todo o exposto, e tendo en conta que:*

*- o convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo*
*- media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común).*
*- e que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial,*
*dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a modificación solicitada pola representante do Concello de Guitiriz nos termos da addenda do convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia.."*

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Guitiriz para cooperar na "reforma da nave municipal de servizos múltiples (antigo senpa), no acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da rúa da Liberdade en Guitiriz e nos honorarios técnicos de redacción de proxecto, de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde" ano 2023 no senso da addenda que quedaría redactada no seguinte senso:

Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Guitiriz para cooperar na "reforma da nave municipal de servizos múltiples (antigo senpa), no acondicionamento e mellora de

accesibilidade para implantación dun paseo peonil da rúa da Liberdade en Guitiriz e nos honorarios técnicos de redacción de proxecto, de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde" ano 2023
[aprobada por acordo da Xunta de Goberno de data......... de ............ de 2024]
En Lugo (asinado dixitalmente na data que consta no pé de páxina)

*Reunidos*

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, 27001,actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, dona Marisol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz , con N.I.F P-2702200C e sede na rúa do Concello, 4, 27300, Guitiriz, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.
Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente addenda e a tal efecto,

*Manifestan*

Primeiro: A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 12 de decembro de 2023, acordou, por unanimidade dos asistentes, prestar aprobación á proposta de aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na "Reforma da nave municipal de servizos múltiples (antigo SENPA), no acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da rúa da Liberdade en Guitiriz e nos honorarios técnicos de redacción de proxecto, de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde" ano 2023, por importe total de 135.576,32 € (dos que os 102.576,32€ serán financiados pola Deputación de Lugo e 33.000,00 € serán financiados polo Concello de Guitiriz) e o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 102.576,32€ para o

financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do orzamento xeral do ano 2023.

Segundo: O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na "Reforma da nave municipal de servizos múltiples (antigo SENPA), no acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da rúa da Liberdade en Guitiriz e nos honorarios técnicos de redacción de proxecto, de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde" ano 2023 formalizouse o 12 de decembro de 2023.

Terceiro: A alcaldesa do concello de Guitiriz remitiu, o 6 de marzo de 2024 (2024RT003365), escrito no que literalmente se establece o seguinte:

"(...)

Tendo en conta a dificultade técnica de levar a cabo a actuación relativa a "Acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da Rúa da Liberdade en Guitiriz"

Por todo o exposto, solicito: Que se modifique dito convenio cambiando a actuación indicada na Rúa da Liberdade por outra que sería a seguinte:

"Urbanización da Rúa Perexil e conexións coas rúas de enlace".

Coa modificación do convenio e a supresión da actuación na Rúa da Liberdade e inclusión da nova actuación de Urbanización da Rúa do Perexil, o detalle das actuacións sería o seguinte:

| ACTUACIÓN | CUSTE IVE ENGADIDO |
|---|---|
| - REFORMA NAVE MUNICIPAL DE SERVIZOS MÚLTIPLES (ANTIGO SENPA) | 30.939,13 € |
| - HONORARIOS TÉCNICOS (REDACCIÓN + DIRECCIÓN OBRA + COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE). REFORMA NAVE SENPA | 1.263,98 € |
| - URBANIZACIÓN DA RÚA PEREXIL E CONEXIÓNS COAS RÚAS DE ENLACE | 125.911,82€ |
| - HONORARIOS TÉCNICOS (REDACCIÓN + DIRECCIÓN OBRA + COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE). RÚA PEREXIL | 6.995,59€ |
| CUSTE TOTAL | 165.110,52 € |

O modificarse o custo total das actuacións as achegas económicas quedarían do seguinte xeito:

| ACHEGA DEPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO |
|---|---|
| 102.576,32 € | 62.534,20 € |
| TOTAL: 165.110,52 €” | |

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente addenda, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas

Primeira.- As partes acordan modificar o Título, a cláusula primeira, a cláusula terceira e a cláusula cuarta do convenio formalizado o 12 de decembro de 2023 que quedarán redactadas no seguinte senso:

- convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Reforma da nave municipal de servizos múltiples (antigo SENPA), no acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da rúa da Liberdade en Guitiriz e nos honorarios técnicos de redacción de proxecto, de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde” ano 2023

- Cláusula Primeira – obxecto

*“Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:*

| *Actuación* | *CUSTE IVE ENGADIDO* |
|---|---|
| *- REFORMA NAVE MUNICIPAL DE SERVIZOS MÚLTIPLES (ANTIGO SENPA)* | *30.939,13 €* |
| *- HONORARIOS TÉCNICOS (REDACCIÓN + DIRECCIÓN OBRA + COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE). REFORMA NAVE SENPA* | *1.263,98 €* |

| | |
|---|---|
| *- URBANIZACIÓN DA RÚA PEREXIL E CONEXIÓNS COAS RÚAS DE ENLACE* | *125.911,82€* |
| *- HONORARIOS TÉCNICOS (REDACCIÓN + DIRECCIÓN OBRA + COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE). RÚA PEREXIL* | *6.995,59€* |
| *CUSTE TOTAL* | *165.110,52 €* |

*No suposto de que se produzan alteracións respecto a cada un dos gastos previstos, poderán compensarse entre si os distintos importes.*

*Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:*

| *ACHEGA DEPUTACIÓN* | *ACHEGA CONCELLO* |
|---|---|
| *102.576,32 €* | *62.534,20 €* |
| *TOTAL: 165.110,52 €* | |

*As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.*
*Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida."*

Cláusula Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

*"(...)*

*3.2. O Concello de Guitiriz:*

*En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Guitiriz, comprométese ao seguinte:*

1.*Achegar, para a execución do convenio, 62.534,20 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.*
2.*Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.*
3.*Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución.*
4.*O prazo inicialmente previsto de execución é o 30 de setembro de 2024. Este prazo de*


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 35/83 |

*execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.*
5.*Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.*
6.*Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.*
7.*Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.*
8.*Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.*
9. *Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo."*

- Cláusula Cuarta.- Réxime económico.

***A)***"*Achegas:*

*1.- Achega da Deputación:*

*A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 102.576,32 €con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023 para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira.*

*2.-Achega do Concello:*

*O Concello de Guitiriz aportará para a execución do convenio 62.534,20 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.*

*(...)."*

Segunda. As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta addenda de modificación, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, subscrito con data 12 de decembro de 2023, esta addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente addenda de modificación do que como Secretario dou fe".

A Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**3º.-** *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Xermade para cooperar no financiamento dos gastos derivados da reformulación do proxecto "Casa da veciñanza en Roupar" para converterla nun centro de día para a terceira idade, ano 2024*

"Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

*"Visto o escrito remitido dende o Concello de Xermade (EXP-2024/PES_03/004283) no que solicita a formalización dun convenio coa Deputación de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da reformulación do proxecto "Casa da Veciñanza en Roupar" ano 2024,, por importe total de 24.920,25 € (que serán financiados pola Deputación de Lugo), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítese informe favorable en base ás seguintes consideracións:*

*Consideracións xurídico administrativas*

*- Lexislación de réxime local*

*Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).*

*Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)". En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL "a*

*Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se llas encomenden."*

*No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.*

*Segunda: A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: "1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)" 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"*

*A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.*

*Terceira: No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que:*


| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 38/83 |

*"as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".*

*Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.*

*A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.*

*-Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público*

*Primeira: No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas". Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a)"lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".*

*Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: " 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada*


| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 39/83 |

*Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".*

*Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: "Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.*

*Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".*

*Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: "Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)."*

*Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: "1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)".*

*Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que "(...) deberán incluír, polo menos:*

*a) Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.*
*b) A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.*
*c) O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.*
*d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.*
*e) Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento*
*f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.*
*g) Réxime de modificación do convenio.*
*h) Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:*
    *a. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.*
    *b. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.*

*(...)".*

*Quinta.-Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:*

*"1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.*
*2. O seu impacto económico cuantificado.*
*3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.*
*4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei"*


| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 41/83 |

*Sexta: Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.*

*Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).*

*A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.*

*Conclusións*

*En base ao anteriormente exposto:*

*Primeira. As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).*

*Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: "Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública..."e na letra g)*

*O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.*

*Segunda. Pola súa banda, o Municipio de Xermade, consonte ao establecido no artigos 25.2 e) da LRBRL, exerce competencias nas materias obxecto do convenio solicitado.*

*Terceira. O borrador do convenio adecuase ao convenio tipo aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 2 de febreiro de 2024.*

*Cuarta: Se adxunta memoria xustificativa segundo o establecido no artigo 50.1 da LRXSP*

*Quinta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 24.920,25, na aplicación orzamentaria 2315.76200 do vixente orzamento xeral.*

*Sexta: O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.*

*Polo que se informa favorablemente que pola Xunta de Goberno se aprobe o gasto por importe de 24.920,25 € con cargo á aplicación orzamentaria 2315.76200 do vixente orzamento xeral e o texto do convenio que se incorpora ao expediente.“*

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Xermade para cooperar no financiamento dos gastos derivados da reformulación do proxecto “Casa da veciñanza en Roupar” para converterla nun centro de día para a terceira idade, ano 2024 por importe total de 24.920,25 € cuxo contido é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Xermade para cooperar no financiamento dos gastos derivados da reformulación do proxecto "Casa da veciñanza en Roupar" para converterla nun centro de día para a terceira idade, ano 2024
[aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data de .. de 2024]

En Lugo (asinado dixitalmente na data que consta no pé de páxina)

*Reunidos*

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra don Roberto García Pernas, Alcalde do Concello de Xermade, con N.I.F P2702100E e sede social na Praza do Concello s/n CP 27833, Xermade, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

*Manifestan*

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: *"as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".*

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

"*Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.*

*Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".*

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

"*Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:*

*a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)."*

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: "*1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)".*

Cuarto: Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector


| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 45/83 |

público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: "*as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas".* Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a)"*lealdade institucional*" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán *"Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".*

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: " *1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".*

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

"*1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)*
*2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados*
*3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)*
*6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"*


| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 46/83 |

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: *"non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997"* –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: "*a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito"*.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: "*é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia",* subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: "*(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión;* (...), *d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)".* En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL "a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se llas encomenden."


| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 47/83 |

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrétanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) *A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997* e na letra g) *O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997*, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á


| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 48/83 |

satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.-A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas

Primeira.- Obxecto

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Xermade en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

| Actuación:<br>Reformulación do Proxecto Casa da Veciñanza en Roupar | CUSTE TOTAL (IVE engadido) |
|---|---|
| Proxecto Básico | 10.217,00 € |
| Proxecto de Execución | 11.463,62 € |
| Gastos Indirectos UDC (13%) | 3.239,63 € |
| CUSTE TOTAL | 24.920,25 € |

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

| ACHEGA DEPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO |
|---|---|
| 24.920,25 € | 0,00 € |
| TOTAL: 24.920,25 € | |

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial

O ámbito de desenvolvemento da actuación obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Xermade.

Terceira.- Fin común

Coa formalización do presente convenio pretendese a rehabilitación da reitoral de Roupar para convertela nun centro de día para a terceira idade.

Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.

4.1. Deputación Provincial de Lugo


| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 50/83 |

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

a) Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
b) En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a achega da Deputación.

4.2. O Concello de Xermade:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Xermade, comprométese ao seguinte:

- Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido
- O prazo de execución da actuación obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro 2024 ata o 31 de outubro de 2025.
- Actuar como órgano de contratación e licitar a execución da actuación con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
- Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coa actuación obxecto deste convenio.
- Difundir a cooperación prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
- Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
- Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
- Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Quinta.- Réxime económico.

A) Achegas:


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 51/83 |

1.- Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 24.920,25€ con cargo á aplicación orzamentaria 2315.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2024 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

2.-Achega do Concello:

O Concello de Xermade financiará o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio.

B) Titularidade do resultado da cooperación:

O resultado da cooperación será do Concello de Xermade.

C) Xustificación da Achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Xermade se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 15 de novembro de 2025.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

- Memoria de actuacións realizadas.
- Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:
a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.
b) O custo total da actuación desenvolta e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
c) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso,

declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.
e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución da actuación obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.
(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)
- Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificarase coa acta de conformidade asinada polos que participaron na comprobación material da inversión ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con arranxo ás condiciones xerais e particulares que, en relación con elos, fosen previamente establecidas.

- Declaración responsable emitida polo representante do Concello na que se recolla:

1. Que o Concello asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)", por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
4. Destino do/s ben/s (5 anos en obras e 2 anos en subministros e servizos).

(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)
- Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.
Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Sexta.- Anticipo

O Concello poderá percibir, en base ao establecido no 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria. un anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias ata o límite máximo do 10% da cantidade total a percibir.

Neste caso, a representante do Concello deberá presentar ante a Deputación a seguinte documentación:

1. Solicitude do anticipo.
2. Declaración responsable na que conste:
- Que de cumpre co establecido no artigo 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria (percibir o anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias)
- Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- Que o concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
(o modelo de declaración será facilitado polo centro xestor do convenio)
3. Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do anticipo.

Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2024 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2026 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2025, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Oitava.- Modificación

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.


| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 54/83 |

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Novena .- Extinción e efectos

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 ( LRXSP).

A extinción do convenio, xa sexa por cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución, efectuarase por resolución presidencial.

Décima.- Comisión de Seguimento

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control poderá constituirse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarase ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:


| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 55/83 |

*a)* Velar polo cumprimento deste convenio.
*b)* Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
*c)* Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
*d)* Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
*e)* E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décimo primeira.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello incorporará os "logotipos" institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décimo segunda.-Protección de datos

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD

Décimo terceira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: *" Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)".* Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:


| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 57/83 |

*"As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:*

*(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)".*

As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio do que como secretario dou fe".

**2º.-** Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 24.920,25 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 2315.76200 do vixente orzamento xeral".

A Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE ANTE O MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL E MEMORIA DEMOCRÁTICA, DAS SUBVENCIÓNS DESTINADAS Á TRANSFORMACIÓN DIXITAL E MODERNIZACIÓN**


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 58/83 |

**DOS SISTEMAS DE XESTIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL DAS ENTIDADES LOCAIS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA.**

Tras ver a proposta do deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, a teor do seguinte texto:

*"Visto o informe do Servizo de Comunicación e TIC´s e da Sección de Innovación e Participación Cidaddá no que literalmente se establece o seguinte:*

*"Antecedentes*

Primeiro.- A Deputación de Lugo resultou beneficiaria das axudas reguladas na Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e se efectúa a convocatoria correspondente a 2022. As subvencións contempladas na devandita Orde destínanse a financiar proxectos de modernización e dixitalización no ámbito das administracións das entidades locais. Os destinatarios das actuacións a realizar son os concellos da provincia de Lugo con poboación inferior a 20.000 habitantes.

A Deputación de Lugo crea o programa *ImpulsaTIC, Plan de Dixitalización da Provincia de Lugo*, para agrupar as propostas presentadas no marco da Orde TER/836/2022, dividindo os proxectos a realizar en diferentes subactuacións.

Con data 28 de xullo de 2023 asínanse os convenios de colaboración cos 52 concellos que se adheriron ao Plan.

Segundo.- Para seguir avanzando na transformación dixital e modernización das entidades locais, con data 18.11.2023 o Ministerio de Política Territorial, publica no BOE a Orde TER/1235/2023, do 15 de novembro, pola que se aproban as bases reguladoras e efectúase a convocatoria correspondente a 2023 de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización dos sistemas de xestión do padrón municipal das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Á súa vez, con data 21.11.2023, publican no BOE o Extracto da Orde TER/1235/2023, do 15 de novembro, pola que se aproban as bases reguladoras e


| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 59/83 |

efectúase a convocatoria correspondente a 2023 de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización dos sistemas de xestión do padrón municipal das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
Na sede electrónica do Ministerio á súa vez publican os documentos vencellados á convocatoria (anexos, guía de presentación, FAQs...)2.

Finalidade.- O artigo 1 da Orde establece que estas subvencións teñen como finalidade a transformación dixital e modernización do padrón municipal das entidades locais

As subvencións están enmarcadas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), instrumento de financiamento orientado aos resultados, fitos e obxectivos indicados no mesmo, que resultan vinculantes para todas as administracións públicas participantes. De maneira específica, estas bases reguladoras dítanse en desenvolvemento do Compoñente 11, Investimento 3, do mencionado PRTR.

As actuacións subvencionables que se leven a cabo en aplicación desa Orde deberán enmarcarse, nalgunha das dúas tipoloxías previstas no artigo 5.

Beneficiarios.- Entre outros beneficiarios, o artigo 3 inclúe ás deputacións provinciais de réxime común, sendo os destinatarios das actuacións que realicen, nos termos do artigo 5, os municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes do seu ámbito territorial, e de acordo coas cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2020.

A Disposición Adicional 4ª establece, á súa vez, que as entidades beneficiarias das axudas ofrecerán adherirse ás actuacións realizadas ao restos dos municipios do seu ámbito provincial non recollidos no artigo 3,1, co obxectivo dunha xestión máis eficiente dos servizos que permita garantir unha prestación máis eficiente dos mesmos.

Procedemento.- Concorrencia non competitiva.

[2] https://mpt.gob.es/prtr/transformacion_digital_modernizacion/ayudas_de_transformacion_digital_modernizacion/convocatoria2023-padron.html


| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 60/83 |

Obxectivos xerais.- O artigo 5.1 da Orde determina que as actuacións subvencionables deberán encadrarse nalgunha das seguintes tipoloxías, podendo as beneficiarias solicitar a subvención para o desenvolvemento dunha delas ou para ámbalas dúas:
Actuación 1: Posta en marcha dun novo sistema de xestión da información sobre o territorio de ámbito municipal.

Cada municipio do ámbito territorial da entidade beneficiaria deberá contar cunha base de datos de vivendas, unificada a nivel nacional, na que se identificará cada vivenda mediante un identificador baseado na referencia catastral no territorio fiscal común, ou no código equivalente nos territorios forais, do ben inmoble no que estea situado o fogar. Así mesmo, deberase contar con ferramentas que permitan a actualización da información obrante na devandita base de datos.

Prevese que, de acordo con os ámbitos definidos no obxectivo 168 e no fito 169, esta actuación contribuirá á consecución da transformación dixital en termos de automatización e Administración pública centrada nos datos.

Actuación 2: Posta en marcha dun novo sistema de intercambio de información padroal en tempo real entre os municipios e o Instituto Nacional de Estatística (INE).

A actuación subvencionable comprenderá a elaboración dos proxectos de adaptación desde os sistemas de información actuais dos concellos, de periodicidade mensual.

Da mesma forma, e de acordo con os ámbitos definidos no obxectivo 168 e no fito 169, esta actuación contribuirá á consecución da transformación dixital en termos de automatización e Administración pública centrada nos datos.

Importe da axuda.- O procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia non competitiva. A Orde asigna unha cantidade máxima de axuda por Entidade, calculada en función da poboación e que ven determinada no anexo VIII. No caso da Deputación de Lugo a axuda máxima asignada é de 1.260.000,00€.

As subvencións irán destinadas a financiar os proxectos presentados ata o importe máximo que corresponde por entidade.

Con todo, segundo o artigo 9, no caso de que a entidade beneficiaria non presentase solicitudes polo importe máximo asignado no anexo VIII, o importe non solicitado poderá ser distribuído para financiar actuacións presentadas polo resto das entidades beneficiarias que esgotasen o máximo asignado nos termos desta orde. Para ese efecto, o importe non solicitado será prorrateado a partes iguais entre as entidades que houberan presentado actuacións elixibles por enriba do orzamento máximo asignado a esta orde,nos termos previstos na mesma.

O financiamento dos proxectos obxecto desta convocatoria poderase complementar coas achegas que realicen as entidades beneficiarias con cargo aos seus orzamentos.

Período de execución.- O artigo 11 establece que o período de execución do proxecto determinarase na resolución de concesión e, en todo caso, estará comprendido entre o 1 de febreiro de 2020 e o 30 de xuño do 2025.

Considerarase gasto realizado o que leve a cabo dentro do período de execución e fora aboado con anterioridade ao remate do período de xustificación.

Prazo.- art. 14. A tramitación do procedemento é a través da sede electrónica do Ministerio de Política Territorial[3] e o prazo de presentación de solicitudes remata ás 15.00 horas do día 1 de abril de 2024.

Documentación.- art. 15. A Orde, entre outros documentos propios dunha solicitudes de axudas (certificados de non ter débedas, autorizacións de consultas de datos, certificado de conta bancaria...) esixe acompañar a solicitude do proxecto que se quere executar que deberá esta validado polo Delegado do INE de Lugo así como un certificado da entidade solicitante, do acordo ou resolución adoptado polo órgano competente, no que deberán constar, de maneira expresa, os seguintes extremos:

1. A aprobación do proxecto para o que se solicita a subvención.
2. Listado dos municipios destinatarios da actuación subvencionable.
3. A participación e aceptación do procedemento regulado nesta orde e a solicitude da subvención.

[3] https://sede.administracionespublicas.gob.es/procedimientos/portada/ida/0/idp/520

4. O compromiso de que a entidade dispoñerá de todos os recursos humanos, técnicos e orzamentarios necesarios para executar o proxecto aprobado e para garantir a súa operatividade durante o período de durabilidade.
5. O compromiso de que a entidade, ao longo de todo o procedemento, adoptará medidas eficaces e proporcionadas para evitar fraude, corrupción, conflito de intereses ou dobre financiamento, e desenvolverá as actuacións que sexan precisas, para dar pleno cumprimento e satisfacción ás obrigacións que corresponden á entidade beneficiaria.

Anticipo.- No art. 20 contempla un pagamento anticipado da axuda do 50% da cantidade concedida. O importe da axuda restante quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa. A xustificación deberá presentarse no prazo máximo de dous meses a contar desde a finalización do prazo para a realización do proxecto (art. 22.5).

*Consideracións*

Primeira.- O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local- LBRL, recolle as competencias das Deputacións Provinciais:

a)A coordinación dos servizos municipais entre si para a garantía da prestación integral e adecuada a que se refire o apartado a) do número 2 do artigo 31.
b)A asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión. En todo caso garantirá nos municipios de menos de 1.000 habitantes a prestación dos servizos de secretaría e intervención.
c)A prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, supracomarcal e o fomento ou, no seu caso, coordinación da prestación unificada de servizos dos municipios do seu respectivo ámbito territorial. En particular, asumirá a prestación dos servizos de tratamento de residuos nos municipios de menos de 5.000 habitantes, e de prevención e extinción de incendios nos de menos de 20.000 habitantes, cando estes non procedan á súa prestación.
d)A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo con as competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

e)O exercicio de funcións de coordinación nos casos previstos no artigo 116 bis.
f)Asistencia na prestación dos servizos de xestión da recadación tributaria, en período voluntario e executivo, e de servizos de apoio á xestión financeira dos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes.
g)A prestación dos servizos de administración electrónica e a contratación centralizada nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes.
(...)

Do mesmo xeito, o art. 70.bis.3 LBRL (introducido pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local), establece que *as entidades locais e, especialmente, os municipios, deberán impulsar a utilización interactiva das tecnoloxías da información e a comunicación para facilitar a participación e a comunicación cos veciños, para a presentación de documentos e para a realización de trámites administrativos, de enquisas e, no seu caso, de consultas cidadás.*

*As Deputacións provinciais, Cabidos e Consellos insulares colaborarán cos municipios que, pola súa insuficiente capacidade económica e de xestión, non poidan desenvolver en grao suficiente o deber establecido neste apartado.*

Hai que ter en conta, ademais, que o art. 31.2.a) LRBRL dispón como fins propios e específicos das deputacións provinciais os de «garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais» e, de modo particular, o de «asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal».

Por outra banda, de acordo co citado art. 36.1.g LBRL (incorporado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local-LRSAL), corresponde ás Deputacións a prestación dos servizos de administración electrónica e a contratación centralizada nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes.

Por iso, o que pretende o precepto é dar efectividade á prestación duns servizos que esixen a aplicación de tecnoloxía informática (no caso da administración electrónica) ou técnico-xurídica (no suposto da contratación centralizada) que os municipios de pequena ou mediana poboación (ata 20.000 habitantes), poden non estar en condicións de asumir.


| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 64/83 |

Segunda.- A Comisión Europea manexa un concepto amplo de administración electrónica: *A administración electrónica ou «eGovernment» defínese como a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) nas administracións públicas, asociadas a cambios na organización e novas aptitudes do persoal. O obxectivo é mellorar os servizos públicos, reforzar os procesos democráticos e apoiar ás políticas públicas.*

A Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), no seu art. 13 e en relación cos dereitos das persoas nas súas relacións coas AAPP recolle, entre outros:

> a) A comunicarse coas Administracións Públicas a través dun Punto de Acceso Xeral electrónico da Administración.
> b) A ser asistidos no uso de medios electrónicos nas súas relacións coas Administracións Públicas.
> d) Ao acceso á información pública, arquivos e rexistros, de acordo con o previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e o resto do Ordenamento Xurídico.
> g) Á obtención e utilización dos medios de identificación e firma electrónica contemplados nesta Lei.
> h) Á protección de datos de carácter persoal, e en particular á seguridade e confidencialidade dos datos que figuren nos ficheiros, sistemas e aplicacións das Administracións Públicas.

Na mesma Lei, o art. 12 establece que as Administracións Públicas deberán garantir que os interesados poden relacionarse coa Administración a través de medios electrónicos, para o que poñerán á súa disposición as canles de acceso que sexan necesarios así como os sistemas e aplicacións que en cada caso determínense.

As Administracións Públicas asistirán no uso de medios electrónicos aos interesados que así o soliciten, especialmente no referente á identificación e firma electrónica, presentación de solicitudes a través do rexistro electrónico xeral e obtención de copias auténticas.

Así mesmo, se algún destes interesados non dispón dos medios electrónicos necesarios, a súa identificación ou firma electrónica no procedemento


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 65/83 |

administrativo poderá ser validamente realizada por un funcionario público mediante o uso do sistema de firma electrónica do que estea dotado para iso.

Do exposto semella claro que os cidadáns teñen o dereito para relacionarse coa administración por medios electrónicos -e outros dereitos relacionados-, mentres que as persoas xurídicas (empresas, asociacións, comunidades de veciños), teñen a obriga.

É por iso que a Administración debe facilitar o acceso por medios electrónicos dos cidadáns á información e ao procedemento administrativo, con especial atención á eliminación das barreiras que limiten devandito acceso. Onde hai un dereito do cidadán hai unha obriga da administración.

Terceira.- O Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais regula, entre outas materias, o padrón municipal no seu título II.

O padrón municipal é un rexistro administrativo que reviste unha grande importancia, por canto a inscrición nel supón o requisito previo e imprescindible para que as persoas poidan ter acceso, con todas as garantías, ao uso e goce dos servizos públicos de educación, sanidade e servizos sociais nun municipio, e ao exercicio do dereito de sufraxio, entre outros aspectos.

Con data 07.02.2024 dáse publicidade no BOE ao Real Decreto 141/2024, do 6 de febreiro, polo que se modifica o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo. Esta modificación implica que a comunicación de datos do padrón por parte dos concellos que os xestionan pasa de ser mensual a ser unha comunicación en tempo real, aproveitando desta maneira de forma plena a axilidade que brindan os medios electrónicos. Este mesmo cambio adóptase para as comunicacións relativas ao padrón de españois residentes no estranxeiro. Para a posta en marcha desta modificación previuse un período transitorio ata o 31 de agosto de 2026.

Cuarta.- O acceso ás axudas convocadas polo Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática permitirá á Deputación de Lugo ofrecer a todos os Concellos da Provincia de Lugo incluída a capitalidade a adopción de medidas dirixidas á transformación dixital e á modernización dos sistemas de xestión do padrón


| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 66/83 |

municipal. Sempre, claro está, baixo o respecto ao principio de autonomía municipal garantido no art. 140 da Constitución Española.

Polo exposto, tendo en consideración o importe da subvención asignado para a Deputación de Lugo (1.260.000,00€) interesa a solicitude ante o Ministerio da subvención para a posta en marcha dun novo sistema de xestión da información sobre o territorio de ámbito municipal nos concellos da provincia de Lugo (art. 5.1.a) da Orde TER/1235/2023.

A Orde e as guías técnicas que a desenvolven, así como as diferentes reunións que se tiveron tanto co Ministerio de Política Territorial como co Instituto Nacional de Estatística (INE), aclararon o ámbito e o alcance das actuacións que son obxecto da subvención. De acordo co sinalado o proxecto que formula a Deputación de Lugo está enmarcado na denominada Actuación 1 da citada Orde e abordará todas as tarefas descritas na Guía Técnica e vinculadas a esta actuación.

Para estes efectos, con data 08.03.2024 remitiuse a correspondente información aos 67 concellos da provincia de Lugo de cara a que manifesten o seu interese en adherirse ao proxecto.

Quinta.- Respecto do órgano competente, o Regulamento Orgánico desta Deputación Provincial, publicado no BOP de Lugo Núm. 202 de data 3 de setembro de 2020, establece no seu artigo 59 que lle corresponde á Xunta de Goberno as seguintes atribucións, entre outras, delegadas do Presidente e do Pleno:

> *(...)17. Solicitude de subvencións a organismos oficiais e privados cando a devandita competencia non sexa atribución do presidente/a.(...)"*

Vense considerando que a Xunta de Goberno é a competente tanto en materia de contratación, como de subvencións e convenios cando o seu importe supera o dos contratos menores.

Polo tanto, neste caso a competencia para presentar a solicitude de subvención corresponde á Xunta de Goberno.

*Conclusións:*

Considerando que esta Deputación, como entidade local e cumprindo os requisitos establecidos no artigo 13.2 da lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións, pode acceder ás devanditas axudas, informamos sobre a necesidade de realizar as actuacións administrativas oportunas para elevar á Xunta de Goberno a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar a participación e a aceptación do procedemento regulado na Orde TER/1235/2023, do 15 de novembro e tramitar electronicamente, ante o Ministerio de Política Territorial, a solicitude de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización dos sistemas de xestión do padrón municipal das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Facúltase para a realizar este trámite tanto ao Servizo de Comunicación e TICs como á Sección de Innovación e Participación Cidadá da Área de Promoción Económica e Social, co obxecto de que presenten na sede electrónica correspondente toda a documentación esixida polas bases da convocatoria de axudas.

Segundo.- Aprobar o proxecto para a posta en marcha dun novo sistema de xestión da información sobre o territorio de ámbito municipal contemplado como Actuación 1 no artigo 5.1.a) da Orde TER/1235/2023, do 15 de novembro, para aqueles concellos da provincia de Lugo que decidan adherirse ao mesmo.
O listado de municipios destinatarios das actuacións subvencionables acompañarase á solicitude da axuda.

Terceiro.- Aprobar o orzamento total por un importe de un millón douscentos sesenta mil euros (1.260.000,00€).

A Deputación de Lugo non contempla neste acordo achega algunha con cargo ao seu orzamento para complementar o financiamento do proxecto obxecto desta solicitude.

Cuarto.- De resultar beneficiaria da axuda, a Deputación de Lugo asume os seguintes compromisos:

a) Dispoñerá de todos os recursos humanos, técnicos e orzamentarios necesarios para executar o proxecto aprobado e para garantir a súa operatividade durante o período de durabilidade.

b) Ao longo de todo o procedemento, adoptará medidas eficaces e proporcionadas para evitar fraude, corrupción, conflito de intereses ou dobre financiamento, e desenvolverá as actuacións que sexan precisas, para dar pleno cumprimento e satisfacción ás obrigacións que corresponden á entidade beneficiaria.

A execución dos proxectos realizarase a través da Servizo de Comunicación e TICs e da Sección de Innovación e Participación Cidadá da Área de Promoción Económica e Social."

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a participación e a aceptación do procedemento regulado na Orde TER/1235/2023, do 15 de novembro e tramitar electronicamente, ante o Ministerio de Política Territorial, a solicitude de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización dos sistemas de xestión do padrón municipal das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Facúltase para a realizar este trámite tanto ao Servizo de Comunicación e TICs como á Sección de Innovación e Participación Cidadá da Área de Promoción Económica e Social, co obxecto de que presenten na sede electrónica correspondente toda a documentación esixida polas bases da convocatoria de axudas.

**2º.-** Aprobar o proxecto para a posta en marcha dun novo sistema de xestión da información sobre o territorio de ámbito municipal contemplado como Actuación 1 no artigo 5.1.a) da Orde TER/1235/2023, do 15 de novembro, para aqueles concellos da provincia de Lugo que decidan adherirse ao mesmo.

O listado de municipios destinatarios das actuacións subvencionables acompañarase á solicitude da axuda.

**3º.-** Aprobar o orzamento total por un importe de un millón douscentos sesenta mil euros (1.260.000,00€).

A Deputación de Lugo non contempla neste acordo achega algunha con cargo ao seu orzamento para complementar o financiamento do proxecto obxecto desta solicitude.

**4º.-** De resultar beneficiaria da axuda, a Deputación de Lugo asume os seguintes compromisos:

a) Dispoñerá de todos os recursos humanos, técnicos e orzamentarios necesarios para executar o proxecto aprobado e para garantir a súa operatividade durante o período de durabilidade.

b) Ao longo de todo o procedemento, adoptará medidas eficaces e proporcionadas para evitar fraude, corrupción, conflito de intereses ou dobre financiamento, e desenvolverá as actuacións que sexan precisas, para dar pleno cumprimento e satisfacción ás obrigacións que corresponden á entidade beneficiaria.

A execución dos proxectos realizarase a través da Servizo de Comunicación e TICs e da Sección de Innovación e Participación Cidadá da Área de Promoción Económica e Social".

A Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES, MODELOS DE SOLICITUDE E ANEXOS DE XUSTIFICACIÓN PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2024 E CONVOCATORIA DAS MESMAS.**

Logo de ver a proposta do Deputado Delegado de Cooperación e Asistencia aos Concellos, a tenor do seguinte texto:

*"1.- Exposición de motivos*

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable á concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, no marco do "*Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2024*", para

sufragar gastos derivados de investimentos/equipamentos (inversións) coa finalidade de contribuír a mellorar a calidade da vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal.

Estas subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para entidades asociativas (asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas, comunidades de montes, asociacións de gandeiros e agricultores ou de produtores forestais, agrupacións de veciños e asociacións de mulleres rurais da provincia de Lugo) para a realización de investimentos en inmobles ou para equipamentos que teñen como obxectivos específicos:

*1.- Garantir o acceso ás prestacións, oportunidades, servizos e calidade de vida dos habitantes dos concellos de Lugo, tendo en conta a dispersión poboacional, e baixo un estándar común independente da súa área de residencia.*
*2.- Reverter o cambio demográfico e fixar poboación nos núcleos rurais tradicionais e a súa contorna mediante a súa mellora en espazos ordenados e eficaces no aproveitamento dos seus recursos.*
*3.- Restaurar, preservar e mellorar os ecosistemas na contorna dos núcleos rurais.*
*4.- Contribuír a minimizar os riscos na contorna dos núcleos rurais, especialmente a prevención de incendios.*

Así, as Administracións Públicas, entre elas a Deputación Provincial, deben converterse no motor que lidera e dinamice os sectores produtivos da nosa provincia, favorecendo así o benestar dos cidadáns e poñendo todos os recursos dispoñibles para dinamizar a economía da provincia.

Polo exposto, a Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das competencias atribuídas polo artigo 36.1.d) da Ley 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local pon en marcha o programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2024.

*2.- Marco normativo.*

O artigo 9 da Ley 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, establece no seu artigo 9.2) que *"con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos nesta Lei".*



| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 71/83 |

O título preliminar da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece os principios reitores de xestión das subvencións e a aprobación e contido das súas bases reguladoras. Así mesmo, no citado título preliminar faise constar que a enumeración dos extremos recollidos nas base reguladoras responde ao feito de que estas son o elemento definitorio básico da relación entre a administración xestora e o beneficiario de subvención.

En concreto este texto legal refírese ás citadas bases como o mecanismo preciso para procurar o pleno coñecemento dos dereitos e deberes por parte dos beneficiarios, ao tempo que lles permite instaurar unha relación coa administración baseada na seguridade xurídica.

Do mesmo xeito, o artigo 6.2), da devandita Lei, prevé que *"con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión nos termos desta Lei".*

A Ordenanza xeral de subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 29 de decembro de 2020 e modificada por acordo do Pleno de data 26 de setembro de 2023, e publicada no BOP nº 009 do 11 de xaneiro de 2024, recolle no seu artigo 17. Iniciación que indica *"1. O procedemento para a concesión iniciarase sempre de oficio, mediante convocatoria aprobada polo órgano competente".*

*A convocatoria deberá publicarse na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia así como na Sede electrónica. Así mesmo poderase realizar unha publicación adicional na forma e polos medios que se establezan polo órgano competente para realizar a convocatoria.*

*3.- Proposta de acordo.*

Visto o informe do servizo de Contratación e Fomento conformado pola Secretaría Xeral onde se informa favorablemente das bases deste procedemento.

Visto o informe favorable de Intervención.


| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 72/83 |

Polo anteriormente exposto, o Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos propón que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial, se procede, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar as bases da convocatoria, modelos de solicitude e de conta xustificativa, para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2024, recollido na liña 8.1c do vixente Plan Estratéxico de subvencións (2023-2025).

**2º.-** Aprobar o gasto correspondente por un importe de trescentos mil euros (300.000,00 €) con cargo ao vixente orzamento xeral, aplicación orzamentaria 4590.789

**3º.-** Que se proceda á convocatoria na forma regulamentariamente prevista coa súa publicación na Base Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia así como na Sede Electrónica".

A Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES REGULADORAS E DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA "COÑECE A TÚA PROVINCIA", ANUALIDADE 2024.**

Logo de ver a proposta da Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Visto que no expediente de referencia figura, entre outra, a seguinte documentación:

- Certificado do acordo de Xunta de Goberno de data 29 de decembro de 2023 relativo á aprobación do procedemento de adxudicación e do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescripcións técnicas para a contratación dos servizos de organización de excursións no marco do programa *Coñece a túa provincia* (2023/CON_02/000074).
- Informe de Intervención no que se pon de manifeso a necesidade de aprobar a exención do pagamento da tarifa de prezo público por actividades de


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 73/83 |

promoción turística conxuntamente coa aprobación das bases da convocatoria do programa, segundo o sinalado no informe do Servizo de Turismo e de acordo co disposto na ordenanza aprobada polo Pleno da entidade en data 25/05/2010.

- Informe do Servizo de Turismo no que se pon de manifesto a necesidade de aprobar as bases que rexerán a convocatoria do programa *Coñece a túa Provincia* para a súa execución durante o ano 2024, co seguinte teor literal:

*1.- Antecedentes:*

- *Certificado do acordo de Xunta de Goberno de data 30 de xullo de 2021 polo que se aproba a adxudicación da contratación do servizo de realización de excursións dunha xornada de duración pola provincia de Lugo, dentro do programa "Coñece a túa provincia". (2021/CON_02/000013).*
- *Acordo da Xunta de Goberno de data 18 de xuño de 2021 polo que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria do programa Coñece a túa Provincia ( anualidade 2021). (2021/XEN_01/002156).*
- *Acordo de Xunta de Goberno de data 30 de decembro de 2021 polo que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria do programa Coñece a túa provincia (anualidade 2022). (2021/XEN_01/004701).*
- *Acordo de Xunta de Goberno de data 22 de decembro de 2022 polo que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria do programa Coñece a túa provincia (anualidade 2023) (2022/XEN_01/003593)*
- *Certificado do acordo de Xunta de Goberno de data 29 de decembro de 2023 relativo á aprobación do procedemento de adxudicación e do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescripcións técnicas para a contratación dos servizos de organización de excursións no marco do programa Coñece a túa provincia para as anualidades 2024 e 2025, prorrogable nas anualidades 2026 e 2027. (2023/CON_02/000074)*

*2.- Consideracións legais e técnicas:*

*A Deputación de Lugo, de conformidade co establecido no artigo 36 .1 apartado d) da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, asume competencias en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, sen prexuízo das competencias que neste ámbito correspondan ás demais Administracións Públicas. Igualmente, de acordo co establecido no artigo 6º apartado a) da Lei 7/2011, de 27 de outubro, do Turismo de Galicia, as entidades*

*locais de ámbito supramunicipal asumen competencias no eido da promoción dos recursos turísticos e xeodestinos, segundo a definición contemplada no artigo 23.1, que se determinen dentro do seu ámbito territorial, en coordinación con todos os entes locais afectados e a administración autonómica.*

*No marco das competencias sinaladas, e co obxecto de dar cumprimento aos diversos obxectivos da Axenda 2030 das Nacións Unidas, así como co fin de paliar os efectos xerados pola pandemia da Covid 19 no tecido produtivo da provincia de Lugo, en febreiro de 2021 esta Deputación presentou o denominado Plan de Impulso da Economía da Provincia de Lugo. Neste Plan incluíase un decálogo con dez medidas de apoio directo, de promoción e de incentivo do consumo coas que se pretendía contribuír a manter e recuperar os sectores económicos máis afectados polas restricións sanitarias, sobre todo a hostalería, o turismo e o comercio local.*

*Con estes obxectivos, a Deputación de Lugo, a través do Servizo de Turismo, impulsou a execución do programa Coñece a túa provincia e procedeu tanto á contratación dos servizos inherentes como á súa convocatoria para as anualidades 2021, 2022 e 2023.*

*O éxito acadado nas diferentes convocatorias do programa, tal e como se deduce das solicitudes presentadas polas entidades interesadas, as cales superaron significativamente o número de prazas ofertadas, o grado de satisfación manifestado polas persoas participantes nas correspondentes enquisas entregadas despois da realización de cada excursión, así como as numerosas consultas relativas á continuidade do programa xustifica a necesidade de proceder a unha nova convocatoria cos seguintes obxectivos:*

- *Contribuír á desestacionalización da oferta turística da provincia de Lugo: o marcado carácter estacional do turismo, cuxa actividade se focaliza nos períodos vacacionais (Semana Santa, xullo e agosto) xustifica a contribución deste programa á sostibilidade eonómica e social do sector, así como ao mantemento do emprego ao longo do ano.*
- *Apoiar e dar visibilidade tanto aos diferentes destinos como aos establecementos e profesionais que compoñen a cadea de valor do sector do turismo e da hostalería na provincia de Lugo: Coñece a túa provincia concíbese como un programa que ten por obxecto poñer en valor un sector altamente vocacional, onde os diferentes actores desenvolven un papel clave na cohesión territorial e na construción da imaxe de marca e no relato turístico que ten como principal alicerce a identidade do territorio.*


| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 75/83 |

- *Servir como instrumento de sensibilización das veciñas e veciños do territorio sobre o potencial turístico dos 67 municipios da provincia de Lugo e da importancia da preservación do patrimonio natural e cultural como elemento que contribúe ao desenvolvemento sostible no eido social, económico e medioambiental: Coñece a túa provincia pretente fomentar o sentimento de orgullo de pertenza ao terriorio e convertir á veciñanza na mellor embaixadora dos seus valores, cos correspondentes efectos positivos no coidado da herdanza patrimonial e o retorno positivo que esta xera en termos de oportunidades socio-económicas para a provincia.*

*3.- Exención de aplicación de prezo público por actividades de promoción turística:*

*O Pleno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 25 de maio de 2010, acordou o establecemento do prezo público por actividades de promoción turística organizadas pola Deputación Provincial, e a delegación na Xunta de Goberno da determinación do prezo público para cada actividade, así como das modificacións que se considerasen convenientes.*

*O artigo 8º da ordenanza reguladora do prezo público para actividades de promoción turística da Deputación de Lugo establece:*

*"Exencións e Bonificacións. A Xunta de Goberno Local poderá determinar, no momento da fixación dos prezos públicos de cada unha das actividades as exencións ou bonificacións que se determinen e que consten xustificadas en razóns de interese público en cada un dos expedientes individualizados, todo elo de acordo co disposto no artigo 4."*

*Segundo se recolle na memoria xustificativa que acompaña ao expediente de contratación dos servizos inherentes á execución do programa (organización de excursións), os obxectivos esenciais desta iniciativa, sinalados no apartado anterior deste informe, fan fincapé na necesidade de contribuír á desestacionalización da oferta turística da provincia de Lugo e na súa sostibilidade no eido económico, social e medioambiental. En consecuencia, a gratuidade do programa incentiva o interese e a participación dos potenciais colectivos beneficiarios nas datas nas que este se desenvolve (de luns a venres laborables fóra dos principais períodos vacacionais), que cadran cos períodos de menor actividade da hostalaría.*


| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 76/83 |

*En vista dos obxectivos esenciais do programa sinalados no punto anterior, aos que cómpre sumar a actual conxuntura económica caracterizada polo incremento continuo e xeneralizado do nivel de prezos, o programa Coñece a túa provincia concíbese como un medio para estimular o consumo de proximidade, dando apoio aos pequenos negocios de hostalería e comercio, motivo polo cal podería resultar procedente manter a súa gratuidade.*

*4.- Conclusións:*

*Tendo en conta canto antecede, sen prexuízo de que o procedemento de licitación do programa que actualmente se atopa en curso deba concluírse previamente para proceder á súa execución, e co fin de levar a cabo as actuacións previas de carácter organizativo encamiñadas á futura execución da contratación en curso, é vontade desta Deputación proceder á súa convocatoria para a anualidade 2024, para a que está prevista a posta a disposición dun máximo de 1840 prazas. Neste senso, faise necesaria a aprobación das bases que rexerán a convocatoria do programa para a súa execución no período sinalado.*

*Igualmente, tomando como referencia os acordos de aprobación das bases e da convocatoria do programa nas anualidades 2021, 2022 e 2023 e á vista do sinalado neste informe, cómpre que, conxuntamente coa aprobación das bases da convocatoria, a Xunta de Goberno aprobe a exención do prezo público, de ser procedente.*
*O que se informa aos efectos de iniciar a correspondente tramitación relativa á aprobación, se procede, das bases reguladoras e da convocatoria do programa Coñece a túa Provincia para a anualidade 2024.*

Tendo en conta canto antecede, a Deputada- Delegada que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a exención do prezo público por actividades de promoción turística organizadas pola Deputación Provincial no marco do programa *Coñece a túa Provincia* 2024 (de acordo co disposto no artigo 8º da Ordenanza reguladora do prezo público para actividades de promoción turística da Deputación de Lugo, aprobada por acordo plenario de data 25 de maio de 2010).

**2º.-** Aprobar as bases reguladoras e a convocatoria do Programa *Coñece a túa Provincia* para a anualidade 2024.

**3º.-** Aprobar a publicación das bases e da convocatoria do Programa *Coñece a túa Provincia* para anualidade 2024 no Boletín Oficial da Provincia de Lugo".

A Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUN FUNCIONARIO DO CADRO DE PERSOAL DA DEPUTACIÓN.**

Logo de ver a proposta da Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Visto que don Rafael Alejandro Rivera Cela, cumpre os 65 anos de idade o día 11 de abril de 2024 e que á citada data terá recoñecidos 40 anos, 7 meses e 10 días de servizos prestados nesta Deputación provincial, o día 11 de abril de 2024, data previsible de xubilación forzosa, acreditando, en consecuencia, un período de cotización á Seguridade Social superior aos 38 anos e que o citado funcionario non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Tendo en conta a normativa de aplicación:

Artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia establece:

"1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

(...)".

Artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa:

"1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

(...)".

4.- Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que prevexa as normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade."

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

*"As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:*

| *Ano* | *Períodos cotizados* | *Idade esixida* |
|---|---|---|
| *2024* | *38 anos ou máis* | *65 anos.* |
| | *Menos de 38 anos* | *66 anos e 6 meses* |

[...].".

Considerando que don Rafael Alejandro Rivera Cela terá acreditado, á data do 11 de abril de 2024, na que cumpre os 65 anos de idade, un período de cotización superior aos 38 anos e non tendo solicitada a prolongación no servizo activo.

Tendo en conta cando antecede, visto o informe do Servizo de Recursos Humanos, na miña condición de Deputada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida do funcionario provincial, don Rafael Alejandro Rivera Cela, con efectividade do día 11 de abril de 2024 , derradeiro día que presta servizos a esta Entidade".

A Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**11.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO 262/2023-C.**

Logo de ver a proposta do director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

"En relación co oficio remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo, polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade, o expediente do recurso nº 51/2024-P seguido a instancia de BFF Finance Iberia SAU fronte á Deputación *"contra la inactividad derivada del escrito presentado por mi representada en fecha 9 de julio de 2020 ante la Diputación Provincial de Lugo con base en el artículo 199 de la Ley 9/2017 de Contratos del Sector Público (antiguo art. 217 TRLCSP)"*, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

**2º.-** A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo pola unidade administrativa encargada da súa elaboración.

**3º.-** O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento".

A Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**12.- CONTA E CUMPRIMENTO DA SENTENZA PA 347/2022.**

Logo de ver a proposta do director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto que no Procedemento Abreviado 347/2022-P seguido a instancia de Gasóleos Abelleira, S.L,U. fronte á Deputación en materia de responsabilidade patrimonial o Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo ditou a Sentenza nº170/2023, de 29 de setembro,cuxo fallo é o seguinte:

> *“Que debo ESTIMAR y ESTIMO PARCIALMENTE en parte el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de GASÓLEOS ABELLEIRA SLU frente a la EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, seguido como PROCESO ABREVIADO número 347/2022 ante este Juzgado, contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento de esta Sentencia, que la anulo por ser contraria al ordenamiento jurídico; y en consecuencia condeno al EXCMO. CONCELLO DE FOZ a abonar a la demandante la cantidad de 115,33 euros, más los intereses legales a computar desde el 6 de abril de 2022.”.*

Visto que con posterioridade o devandito Xulgado ditou Auto de data 10 de novembro de 2023 no cal acorda o que segue:

> *“Rectificar el error material manifiesto contenido en el fallo de la Sentencia Nº170/2023, de fecha 29/09/2023, en el sentido de que donde dice “...y en consecuencia condeno al EXCMO CONCELLO DE FOZ a abonar a la demandante la cantidad de 115,33 euros, más los intereses legales a computar desde el 6 de abril de 2022” debe decir “...y en consecuencia condeno a la EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO a abonar a la demandante la cantidad de 115,33 euros, más los intereses legales a computar desde el 6 de abril de 2022”.”.*

Tendo en conta que as Sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento por imperativo legal (artigo 118 da Constitución Española, artigo 17 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigos 103 a 113 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

Considerando, por tanto, a necesidade de dar cumprimento á devandita Sentenza, e unha vez realizada a tramitación legalmente establecida - e tendo en conta, asemade, a comunicación de existencia de crédito suficiente para o aboamento da


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Fecha y Hora | 20/03/2024 10:22:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XVTC2PYJJQTHPUIAAGZTCEQ | Página | 81/83 |

cantidade resultante unha vez feito o cálculo de xuros, comunicada polo Servizo de Intervención, á Xunta de Goberno proponse:

**1º .-** Darse por enterada da devandita Sentenza nº170/2023, de 29 de setembro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo.

**2º.-** Levar a debido efecto e practicar o que esixa o cumprimento da devandita Sentenza.

**3º.-** O importe a abonar en concepto de indemnización é de 122,51 euros (115,33 euros de principal máis 7,18 euros como importe dos xuros) a favor da recorrente Gasóleos Abelleira, S.L.U.; ingreso que se realizará na conta de depósitos e consignacións do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo".

A Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**13.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Dáse conta da Sentenza nº132/2023, de 1 de setembro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo no Procedemento Abreviado 365/2021-S, no Procedemento Abreviado 365/2021-S seguido a instancia de Dª Guadalupe Otero Pérez: *"contra la desestimación de la reclamación de responsabilidad patrimonial presentada por mi patrocinada en fecha 20 de Julio de 2021 contra el Excma. Diputación Provincial de Lugo a causa de un accidente de tráfico de fecha 8 de Febrero de 2021, en la carretera LU-P-4601, cuando pilotaba D. Miguel López Otero el vehículo Renault Clio, matrícula MU-7965-BX, al irrumpir súbitamente un corzo en la calzada…"* o Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo ditou en data 1 de setembro de 2023 a Sentenza nº132/2023, en cuxo fallo desestima o recurso interposto fronte á Deputación de Lugo, con imposición de custas á parte recorrente.

A Xunta de Goberno queda enterada.

**14.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**